


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

24-25 de xaneiro do 2026

III SEMANA DO TEMPO ORDINARIO A



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 3 Unha xuntanza de amor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Hai cousas que non pasan desapercibidas, e podemos dicir sen equivocarnos que a presenza de Xesús coas súas palabras e cos seus feitos foron facendo que houbera xente que se deixara seducir e decidise seguilo no que facía e dicía.

Hoxe, 2000 anos despois, coa nosa celebración, seguimos anunciando un xeito novo de entender a Deus e de facer vida en comunidade con Xesús. Pero non se trata só de falar: hai que achegarse á xente, principalmente a aquela que ten a vida máis ameazada por guerras, violencias, pobreza, enfermidades, marxinações, desesperanzas ou depresións. A comunidade nova de Xesús é a comunidade que quere dar refuxio e facerlle a vida máis agradable aos demais. Así queremos tamén amosar o noso corazón doído coas vidas rotas no accidente de tren.

Hoxe, estamos a recibir, a chamada de Xesús, dicíndonos vinde comigo e facede ben.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *É doado dicir que “son necesarias as nosas mans”, pero tamén é frecuente ver como moitas veces as nosas: rexeitan, métese nos bolsillos, ou crúzanse de brazos. Agora queremos pedirlle ao Señor que nos perdoe e agarrámonos da súa man:*

Monitor/a

✓ Señor, recoñecemos que ás veces falamos moito pero damos unha man pensando só nos nosos intereses. Señor téndenos a túa man

✓ Señor, recoñecemos que ás veces os demais non atopan en nós persoas de corazón acolledor, nin brazos abertos, nin en disposición de dar unha man. Cristo téndenos a túa man

✓ Señor, recoñecemos que ás veces estamos tan cheos de rutinas, que para nada somos exemplo de boas novas, como Ti quixeches ser para Pedro, Andrés, Santiago e Xoán, por iso, tamén a nós: Señor téndenos a túa man

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos concede Deus o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que levamos no corazón. Hoxe queremos compartir a dor de todas esas familias rotas polo accidente de tren.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus todopoderoso e eterno,
dirixe a nosa vida conforme ao teu amor,
para que, no nome do teu Fillo Xesús,
poidamos dar froito abundante de boas obras
como o fixeron os apóstolos.

Pedímoscho por El mesmo,
que hoxe nos anuncia a Boa Nova,
e que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Escoitemos a proposta da profecía de Isaías para sabernos un pobo que deixa as tebras para camiñar na luz.*

Sintámonos chamados por Xesús cando no evanxeo de hoxe escoitemos como El chama a Pedro, Andrés, Santiago e Xoán. El quíxoos á súa beira, El quérenos á súa beira. Imos?

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA PROFECÍA DE ISAÍAS

Así como nun primeiro momento humillou o país de Zebulón e o país de Naftalí, así no derradeiro glorificará o camiño do mar, a rexión do Xordán, a bisbarra dos xentís.

O pobo que camiñaba na escuridade, viu unha grande luz. Unha luz brillou sobre os que habitaban no país das sombras da Morte.

Multiplicaches o xúbilo, fixeches grande a ledicia. Alegráronse coa túa presenza, como coa alegría da seitura, o mesmo que saltarán de xúbilo ao repartiren o botín.

Velaí o xugo da súa carga e o varal do seu ombreiro -o bastón de quen o oprime-: rompíchelos coma o día de Madián.

Palabra do Señor

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor* SALMO



PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, cando soubo Xesús que encadearan a Xoán, retirouse a Galilea. Deixando Nazaret, foise establecer en Cafarnaúm, na beira do mar, en terras de Zebulón e Naftalí, para que se cumprise o dito polo profeta Isaías:

“Terra de Zebulón, terra de Naftalí,
camiño do mar na outra ribeira do Xordán.

Galilea dos pagáns.

O pobo que xacía na escuridade viu unha gran luz:
Para os que habitaban no escuro país da morte
brillou unha alborada”.

E desde aquela empezou Xesús a predicar, dicindo:

- Arrepentídevos, que o Reino dos Ceos xa está aí.

Camiñando pola ribeira do mar de Galilea, viu a dous irmáns: Simón, tamén chamado Pedro, e Andrés; os dous, que eran pescadores, estaban largando a rede no mar.

Díxolles:


- Vide comigo, e fareivos pescadores de homes.

Eles deixaron de contado as redes, e seguírono. Máis adiante atopou outros dous irmáns: Santiago e mais Xoán, fillos de Zebedeo, que estaban co seu pai na barca arranxando a rede. Tamén os chamou, e eles coa mesma deixaron a barca e máis a seu pai e seguírono.

Xesús percorría a Galilea enteira ensinando nas sinagogas e anunciando a Boa Nova do Reino, curando tanta doenza padecía o pobo.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



A proposta de Xesús a uns pescadores:

* Dilles Xesús “Vinde comigo”, e eles deixando atrás as súas vidas botan a andar nun novo camiñar.

* Dilles Xesús “Necesito

das vosas mans”, e eles fíanse e confían en que con Xesús poderán facelo mellor porque son moitas as vidas que están esperando algo mellor.

Esta proposta de Xesús é mesma que se nos fai a nós porque El conta coas nosas mans, e son moitas as vidas que esperan o mellor das nosas mans.

Aqueles veciños de Xesús amósannos que tamén nós podemos emprender o mesmo camiño.

Moitas veces os cristiáns dicimos que en Deus atopamos unha man á nosa beira. Tamén deberíamos dicir e darnos conta de que Deus conta coas nosas mans porque El fíase e confía en nós para facer mellor na vida.

En que se nota que lle damos unha man a Deus?.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial no que renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos ser coherentes na fe, queremos dar resposta ao Deus que nos chama porque necesita das nosas mans. Dicimos:

🎵 *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Cremos en Deus, no Deus que é Pai e Nai, que pon nas nosas mans o facer do mundo un fogar acolledor para todas as xentes?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos en Xesús Cristo, o noso irmán, que fixo vivo o evanxeo, e que, coma aos apóstolos, nos chama para facer crible o seu amor dando a nosa man?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos no Espírito Santo, que nos alenta para dar resposta ao Señor co noso bo facer de cada día?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos na Igrexa, comunidade que camiña enfortecida polo exemplo de tantos homes e mulleres que viven a resposta á chamada do Señor?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos a Deus Pai, que se achega a nós en Xesús convidándonos a seguir o camiño do Evanxeo.*

Recemos dicindo: Señor, podes contar con nós

Monitor/a

- ✓ Con Xesús queremos ser Igrexa sendo testemuñas cribles no medio do mundo, tendendo unha man e acoitando a todas as persoas sen excepcións, oremos
- ✓ Con Xesús queremos ser comunidade e parroquia nos camiños da tolerancia, da colaboración e do compartir. Queremos superar os atrancos dando unha man chegando á verdadeira irmandade, oremos
- ✓ Con Xesús coas redes da paz queremos ser mensaxeiros do novo xeito de vida que vén dado pola chegada do Reino, oremos
- ✓ Con Xesús queremos dar as grazas ás persoas que fan ben na vida, e sabemos que seguindo o seu exemplo nós podemos facer o mesmo, oremos
- ✓ Con Xesús doémonos con todas as familias rotas no accidente de tren. Oremos

Celebrante: *Señor, así queremos camiñar e facer camiños para a vida. Que nunca nos falte o bo facer dos homes e mulleres que coma os apóstolos están dispostos a dar unha man. Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Imos rezar agora a oración de Xesús, a oración de irmáns, a oración da fe, a oración confiada a un Deus que pode contar coas nosas mans. Así rezamos e facemos hoxe con Xesús como quixeron facer Pedro, Andrés, Santiago e Xoán:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans abertas expresan a nosa vontade de seguir as pegadas de Xesús, demostrándoo cos feitos da nosa vida.*

Ser homes e mulleres de paz fai tamén nós sexamos unha comunidade na que vale a pena medrar.

Está nas nosas mans facelo mellor. Fagámolo ben agora compartindo un xesto de paz.



nº 38

Que medre a paz na nosa terra

COMUÑÓN

Celebrante: *Compartir arredor desta mesa de parroquia é camiñar seguindo as pegadas de Xesús, o Mestre que nos chama a dar unha man.*

Ditosos nós por ser invitados a compartir coma irmáns este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 *nº 58 Acharte presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, ti alentáchesnos coa túa Palabra
e alimentáchesnos co pan da vida,
fai que sintamos sempre a alegría
de participar dos teus dons
e que os demais atopen nos nosos feitos
exemplo da Boa Nova.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós
por sempre eternamente. Amén

Xesús convídanos a que acollamos a chamada de Deus, porque El é o Deus da VIDA que confía en nós, nas nosas palabras e nos nosos feitos.

As palabras coas que hoxe temos rezado fanse vivas e fanse BOA NOVA na tolerancia e no respecto seguindo os pasos de Xesús como fixeron os primeiros discípulos.

Non deamos as costas ás persoas e aos pobos que nos chaman pedindo unha man que lles sirva de refuxio.



Di Xesús a Pedro,
Andrés, Santiago
e Xoán:
“VINDE
COMIGO”

*Palabras do
evanxeo de hoxe*

**FAGÁMOLO BEN,
VAIAMOS DA MAN DE XESÚS
E SEXAMOS EXEMPLO DE EVANXEO**

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana
e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus*

🎵 *nº56 Ide e pegoade a Nova de Deus*